

ORDENANZA XERAL DE SUBVENCIONS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Xove ven levando a cabo unha importante actividade subvencionadora, co obxecto de dar resposta a diferentes demandas sociais e económicas de persoas físicas e xurídicas.

Deste xeito, as subvencións configúranse como unha técnica de fomento e incluso como procedemento de colaboración entre esta Administración e os particulares para a xestión de actividades consideradas de interese xeral en ámbitos entre outros como a acción social, a educación, a cultura, o deporte, a vivenda, a xuventude, o medio ambiente, o comercio, o ocio e tempo libre ou a participación cidadá como esixencia do Estado Social e democrático de dereito.

A presente Ordenanza Xeral de Subvencións descansa sobre un conxunto de principios xerais que deben inspirar en todo momento a actividade subvencional: igualdade, publicidade, transparencia, obxectividade, eficacia e eficiencia. A actividade subvencional procurará sempre ademais minimizar os posibles efectos distorsionadores do mercado que poideran derivarse do establecemento das subvencións, e manter a congruencia entre os medios e os fins que xustifiquen a concesión de axudas.

A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en adiante LXS-de aplicación ao Concello de Xove en virtude do disposto no seu artigo 3.1.b)- e a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, en adiante LSG-de aplicación ao Concello de Xove en virtude do disposto no seu artigo 3.1.c)-establecen respectivamente nos seus artigos 9.2 e 6.2 que, con carácter previo ao outorgamento das subvencións, deberán aprobarse as bases reguladoras de concesión nos termos establecidos en ditas leis, debendo publicarse no Diario Oficial correspondente. Pola súa parte, o artigo 17.2 da LXS establece que as citadas bases reguladoras das subvencións das corporacións locais, deberán aprobarse no marco das bases de execución do orzamento, a través de unha ordenanza xeral de subvencións ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.

Para dar cumprimento ao exposto no párrafo anterior, faise necesaria a aprobación de un marco xurídico adecuado regulador das bases de concesión de subvencións no ámbito do Concello de Xove, adaptado á mencionada LXS e LSG. Isto levarase a cabo a través da presente Ordenanza Xeral de Subvencións, a que regulará o réxime xurídico xeral de aquelas subvencións que, por razón da materia, non contén con ordenanza específica en vigor. Pola contra, as materia subvencionables que xa contén na actualidade con ordenanza de subvencións específica-previa a súa adaptación á LXS e LSG, e as materias que nun futuro poideran contar con ordenanza específica propia, rexeranse por ditas ordenanzas propias e específicas sendo, en calquera caso, a presente ordenanza de aplicación supletoria ás mesmas.

TÍTULO I. DISPOSICIONS XERAIS

Artigo 1.- Obxecto

A presente Ordenanza ten por obxecto regular o réxime e o procedemento xeral do Concello de Xove en relación á actividade de fomento, entendida como a acción administrativa encamiñada á protección ou promoción daquelas actividades no ámbito

da cultura, recreación, actividade física e deporte, actividades económicas, xuventude, ensino, sanidade, servizos sociais, medio ambiente, participación cidadá, bolsas, premios ou axudas para a realización de actividades que complementen ou suplan os servizos de competencia municipal e que persigan un interese ou finalidade pública.

Artigo 2.- Principios orientadores

Esta actividade exercerase de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, libre concorrència, igualdade, non discriminación, eficacia no sumprimento dos seus obxectivos e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos e con adecuación á legalidade orzamentaria.

Artigo 3.- Concepto de subvención

1. Considerarase subvención toda disposición dineraria que outorgue o Concello de Xove a favor de persoas públicas ou privadas para o desenvolvemento de proxectos, accións, condutas ou situacións que cumpra os seguintes requisitos:

- a) que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios
- b) que a entrega esta suxeita ao cumprimento dun determinado obxecto, é execución dun proxecto, á realización dunha actividade, á adopción dun comportamento singular, xa desenvolto ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigas materiais e formais que se estableceran
- c) que o proxecto, a acción, conduta ou situación financiada teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública

2. Non estarán comprendidas no ámbito de aplicación desta Ordenanza as achegas de diñeiro que, en concepto de cotas, tanto ordinarias coma extraordinarias, realice o Concello de Xove a favor de asociacións ás que pertenza, de ámbito estatal, autonómico, provincial ou de calquera outra índole, para a protección e promoción dos seus intereses comúns así como os premios que se outorguen sen a previa solicitude do beneficiario nin as achegas a grupos políticos.

Artigo 4.- Bolsas e premios

O réxime especial aplicable ao outorgamento de bolsas e premios educativos, culturais, deportivos ou de calquera outra natureza, axustarase ao contido desta ordenanza, agás en aqueles aspectos nos que pola especial natureza da subvención, non resulte aplicable.

Artigo 5.- Características das subvencións

- a) As subvencións estarán afectadas ao cumprimento da finalidade de interese xeral a que se condicione o seu outorgamento.
- b) Non poderán obedecer a mera liberalidade
- c) Non poderán invocarse como precedente
- d) Non xerarán a favor do beneficiario dereito a esixir o aumento ou revisión
- e) A entrega da subvención non suporá contraprestación directa do beneficiario
- f) Non terán carácter contractual
- g) En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrència con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade a desenvolver polo beneficiario. As bases de cada convocatoria sinalarán a contía ou porcentaxe máxima subvencionable ou

ben unha combinación de ámbalas dúas en cada liña de subvención. Isto mesmo será de aplicación ás subvencións de concesión directa.

- h) Serán revogables ou reducibles de oficio cando se comprobe que a actividade subvencionada non foi realizada total ou parcialmente, ou que se aplique a unha finalidade diferente daquela para a que foi concedida.

Artigo 6.- Beneficiarios

Terá a consideración de beneficiario das subvencións a persoa que vai realizar a actividade que fundamentou o seu outorgamento ou que se atope na situación que lexítima a súa concesión.

En concreto, poderán ser beneficiarios:

- as persoas físicas domiciliadas no Concello de Xove
- as entidades e asociacións sen fin de lucre, públicas ou privadas, domiciliadas no Concello de Xove, que se atopen debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións
- as entidades e asociacións sen fin de lucre que, aínda que non estean domiciliadas no Concello de Xove ou non estean inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións realicen actividades de carácter social, económico, etc., dentro do termo municipal ou/e en beneficio dos seus veciños.

En ningún caso poderá obter a condición de beneficiario dunha subvención do Concello de Xove aquela persoa ou entidade na que concurra algún dos supostos establecidos no artigo 13.2 da LXS (art. 10.2 da LSG)

Artigo 7.- Obriga dos beneficiarios

Son obrigas dos beneficiarios:

- 1.- Cumprir o proxecto ou actividade que fundamenta a concesión de subvención
- 2.- Xustificar ante o Concello de Xove o cumprimento dos requisitos e condicións así como a realización da actividade e finalidade que determine a concesión da subvención
- 3.- Someterse ás actuacións de comprobación e control que sexan debidamente requeridas polos órganos municipais, aportando tanta información lle sexa requerida no exercicio destas actuacións e que estean relacionadas coa concesión de subvención
- 4.- Comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación de aplicación dada aos fondos percibidos.
- 5.- Acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social. O Concello non obstante, poderá obter de oficio información sobre a situación tributaria do beneficiario co propio Concello.
- 6.- Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos contables debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación aplicable ou, no seu caso, os estados contables que garantan o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.
- 7.- Conservar a documentación xustificativa de aplicación dos fondos, incluídos documentos electrónicos, en tanto podan ser obxecto das actuacións de control e comprobación.
- 8.- Adoptar as medidas de publicidade do carácter público do financiamento da actividade, programa, actuación, etc., obxecto da subvención.
- 9.- Proceder ao reintegro dos fondos públicos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da LXS (artigo 33 da LSG). Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión de subvencións e, en todo caso, a obtención concorrente doutras achegas fóra dos casos permitidos na norma reguladora, poderán dar lugar á modificación da resolución de concesión, nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención.

Artigo 8.- Bases reguladoras das diferentes convocatorias

Non poderá iniciarse o procedemento de concesión de subvencións sen que previamente o órgano competente teña establecidas as bases reguladoras da convocatoria da subvención. As bases como mínimo conterán:

- a) Definición precisa do obxecto de subvención
- b) Créditos orzamentarios aos que se imputa e contía total máxima das axudas convocadas dentro dos créditos dispoñibles ou, no seu defecto, contía estimada das subvencións, e se esixe un importe de financiamento propio
- c) Procedemento de concesión da axuda
- d) Requisitos para solicitar a subvención e forma de acreditarlos.
- e) Forma, prazo e lugar de presentación das solicitudes
- f) Documentos e información que deben acompañarse á petición
- g) Indicación do órgano competente para a instrución e resolución do procedemento
- h) Criterios de valoración das solicitudes e de ser o caso, da súa ponderación
- i) Forma e prazo de xustificación do cumprimento dos fins da subvención e de aplicación dos fondos percibidos, así como a documentación válida aos efectos da xustificación
- j) Compatibilidade ou incompatibilidade con outras axudas, subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. No caso de admitirse a compatibilidade deberán establecerse os límites ou criterios para evitar a sobrefinanciación.
- k) Posibilidade de efectuar abonos a conta ou pagamentos anticipados
- l) Medidas de notificación ou publicación.

Artigo 9.- Publicidade das subvencións concedidas

As axudas concedidas polo Concello de Xove serán publicadas no B.O.P. expresando a convocatoria, a partida e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade ou finalidades da axuda.

Non será precisa a publicación no B.O.P. nos seguintes supostos:

- a.- As previstas nominativamente no Orzamento Municipal
- b.- Aquelas cuxo outorgamento ou contía veña imposto ao Concello por unha norma de rango legal, que seguirán o procedemento de concesión que lles resulte aplicable de acordo coa súa propia normativa
- c.- Cando a publicación dos datos do beneficiario en razón do obxecto da subvención poda ser contraria ao respecto e salvagarda á honra e á intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, de 5 de maio, de Protección Civil do Dereito á Honra, á Intimidade Persoal e Familiar e á Propia Imaxe, e sexa previsto na súa normativa reguladora.
- d.- Cando o importe das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexa de contía inferior a 3.000 euros. Neste caso, deberán publicarse na páxina web do Concello www.xove.es

TÍTULO II. PROCEDEMENTOS DE CONCESIÓN E XESTIÓN

Artigo 10.-O procedemento de concesión

Os procedementos de concesión de subvencións serán con carácter xeral o ordinario ou de concorrencia competitiva e con carácter excepcional, o de concesión directa.

CAPÍTULO I. A CONCORRENCIA COMPETITIVA

Artigo 11.- Definición

Terá consideración de concorrencia competitiva o procedemento mediante o que a concesión das subvencións se realiza a través da comparación das solicitudes presentadas, co fin de establecer unha prelación entre estas, de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicar, co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Non obstante, as bases reguladoras poderán excepciónar do requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos cando, polo obxecto e finalidade da subvención, non sexa necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento ata o esgotamento do crédito orzamentario. Neste caso no que o procedemento administrativo establecido non leva aparellado o esgotamento do crédito nun só acto de concesión, senon que a súa disposición se realiza en actos sucesivos, o órgano xestor deberá publicar o esgotamento da partida orzamentaria asignada e a inadmisión de posteriores solicitudes destinadas a participar del, salvo que se proceda ao incremento dos créditos do xeito establecido no artigo 31.2 da LSG. Fóra destes supostos, para a concesión de subvencións por importe superior á contía total máxima fixada, deberíase realizar unha nova convocatoria.

Artigo 12.- Inicio e presentación de solicitudes

1.- O procedemento para a concesión de subvencións iníciase de oficio mediante convocatoria aprobada pola Xunta de Goberno Local, de acordo co réxime de delegación de competencias establecido no acordo plenario de 17 de xuño de 2011. Este órgano será igualmente o competente para aprobar as normas ou bases reguladoras de cada tipo de subvención.

A convocatoria publicarase na páxina web do Concello e conterá un extracto do contido das bases reguladoras establecido no artigo 7 da presente Ordenanza.

2.- As solicitudes, dirixidas ao Sr. Alcalde-presidente do Concello, presentaranse no rexistro de entrada do Concello ou por calquera dos medios sinalados no artigo 38 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

A convocatoria da subvención poderá admitir a substitución da presentación de determinados documentos por unha declaración responsable do solicitante. Neste caso, no momento da xustificación da axuda requirírase a presentación da documentación acreditativa correspondente.

A presentación da solicitude de concesión de subvención polo interesado comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deba emitir a AEAT, a Seguridade Social e a Consellería competente en materia de economía e facenda da Xunta de Galicia, cando así se prevea nas bases reguladoras.

3.- Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos nas bases reguladoras, o órgano competente requirirá ao interesado para que os subsane indicando que se non o fixera entenderase por desistido da súa solicitude.

Artigo 13.- Instrucción e proposta de Resolución

1.- A instrucción do procedemento de concesión de subvencións corresponderá aos técnicos dos servizos municipais e á Concellaría que promova a convocatoria. Realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que debe formularse a proposta de resolución.

2.- O órgano instrutor á vista do expediente, formulará a proposta de resolución previa, debidamente motivada, que deberá notificarse aos interesados no xeito que estableza a convocatoria, tales como tablerios de anuncios, notificacións ordinarias, etc. e concederáselle un prazo de 10 días para a presentación de alegacións.

Poderase prescindir deste trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos ou outras alegacións e probas que as aducidas polos interesados. Neste caso, a proposta de resolución provisional formulada terá o carácter de definitiva. A proposta de resolución definitiva notificaráselle aos interesados que fosen propostos como beneficiarios na fase de instrucción únicamente cando a dita notificación sexa obrigada segundo o previsto nas bases reguladoras.

3.- As propostas de resolución provisionais e definitivas non crean ningún dereito a favor do beneficiario proposto, fronte á administración, mentras non se lle notificara a resolución definitiva de concesión.

Artigo 14.- Órgano concedente

O órgano competente para a concesión das subvencións en réxime de concorrencia competitiva será a Xunta de Goberno Local.

CAPÍTULO II. O PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA

Artigo 15.- Definición

Poderán concederse de xeito directo:

- a) as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos municipais. Este réxime será de aplicación exclusiva para o caso de asociacións de carácter social, deportivo e cultural ou calquera outro, legalmente constituídas e virán reguladas nas bases de execución do orzamento.
- b) Aqueloutras cuxo outorgamento veña imposto ao Concello por unha norma de rango legal, que seguirán o procedemento de concesión que lles resulte de alicación de acordo coa súa propia normativa
- c) Con carácter excepcional, aquelas outras subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

A resolución de concesión destas axudas establecerá as condicións e os compromisos aplicables de conformidade co establecido na LXS e LSG. Non obstante, poderán formalizarse convenios para a canalización das mesmas.

Como mínimo, a resolución deberá conter:

- a definición do obxecto da subvención
- o réxime xurídico aplicable, se pola súa especialidade lles fora aplicable algún distinto do que establece a LXS e LSG
- os beneficiarios e as obrigas que se establezan para os mesmos
- o réxime de xustificación da aplicación dada ás subvencións polos beneficiarios
- as razóns que acreditan o interese público, social, económico ou humanitario e aquelas que xustifiquen a dificultade das axudas comprendidas na letra c) do presente artigo.

CAPÍTULO III. XESTIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS

Artigo 16.- Subcontratación das actividades subvencionadas

Enténdese que un beneficiario subcontrata cando concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos en que teña que incurrir o beneficiario para a realización por sí mesmo da actividade subvencionada. Fóra deste suposto poderase subcontratar ata o 100% da actividade subvencionada.

Artigo 17.- Xustificación das subvencións públicas

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión da subvención, documentarase de maneira e no prazo que determinen as bases reguladoras da concesión, podendo revestir a forma de conta xustificativa do gasto realizado ou acreditarse o dito gasto por módulos ou mediante a presentación de estados contables.

En todo caso, o beneficiario da subvención acompañará os xustificantes de declaración de ter cumprido o obxecto da subvención para a que foi concedida. Asimesmo presentarase unha relación detallada das subvencións ou axudas obtidas

doutros entes públicos ou privados para idéntica finalidade ou, no seu caso, a declaración de non ser beneficiarios das mesmas.

Artigo 18.- Gastos subvencionables

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada e que se realicen no prazo establecido nas convocatorias.

Os gastos financeiros, de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals e os gastos periciais para a realización do proxecto ou actividade subvencionada e os de administración específicos, son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

As bases reguladoras das liñas de subvención a conceder poderán establecer que se teña en consideración como gasto realizado o gasto aínda que non figure efectivamente pagado durante o periodo que se estableza na convocatoria. Caso de que se esixa o pago, éste acreditarase mediante extractos ou certificacións bancarias, salvo que se trate de importes inferiores a 500 euros, que se poderán acreditar coa expresión “pagado” estampillada na factura polo establecemento comercial correspondente.

En ningún caso serán gastos subvencionables:

- a) Os xuros debedores das contas bancarias e gastos por comisións bancarias
- b) Os xuros, recargos e sancións administrativas e penais
- c) Os gastos de procedementos xudiciais
- d) Os impostos indirectos, cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación
- e) Impostos persoais sobre a renda, nin tributos satisfeitos ao Concello de Xove

Salvo que as bases específicas de cada subvención prevean o contrario non se considerarán subvencionables os custos indirectos.

Con carácter excepcional as bases reguladoras poderán aceptar a xustificación do pagamento mediante “recibín” do proveedor para gastos de escasa contía por importes inferiores a 100 euros.

Artigo 19.- Comprobación de subvencións

As bases reguladoras da subvención determinarán o órgano competente para a comprobación da subvención que se materializará na emisión dun informe que acredite a

adecuada xustificación da subvención. Este informe incorporárase ao expediente para a súa fiscalización xunto co resto da documentación xustificativa.

CAPÍTULO IV. XESTIÓN ORZAMENTARIA

Artigo 20.- Procedemento de aprobación de gasto e pagamento

Con carácter previo á convocatoria das subvencións ou á súa concesión directa, deberá efectuarse a aprobación do gasto nos termos previstos no RDL 2/2004, de 5 de marzo e nas bases de execución do orzamento.

A resolución de concesión conlevará o compromiso do gasto correspondente.

Para proceder á expedición da orde de pagamento da subvención deberá realizarse a previa xustificación polo beneficiario da actividade subvencionada nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención.

As bases reguladoras da subvención determinarán se proceden ou non pagamentos a conta, que supoñen a realización de pagos fraccionados e responden ao ritmo de execución das accións subvencionadas. Non poderán obter pagos anticipados aqueles beneficiarios que teñan no seu poder fondos pendentes de xustificación logo do cumprimento do prazo de xustificación pola mesma o distinta subvención.

TÍTULO III. DO REINTEGRO, DO CONTROL FINANCEIRO E DAS INFRACCIÓNS E SANCIÓN ADMINISTRATIVAS EN MATERIA DE SUBVENCIÓN

Artigo 21.-Do reintegro

Será de aplicación o previsto no Título II da LXS e Título II da LSG e disposicións de desenvolvemento.

Artigo 22.- Do control financeiro.

Será de aplicación o previsto no Título II da LXS e Título II da LSG e disposicións de desenvolvemento.

Artigo 23.- Das infraccións e sancións administrativas

Será de aplicación o previsto no Título II da LXS e Título II da LSG e disposicións de desenvolvemento.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo o non previsto na presente Ordenanza será de aplicación a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención; Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; o RD 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o regulamento da Lei Xeral de Subvencións e o Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da LSG.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

As subvencións concedidas con anterioridade á entrada en vigor da presente ordenanza rexeranse pola normativa vixente no momento da súa concesión.

DISPOSICION FINAL

A presente Ordenanza, que consta de 23 artigos, unha disposición adicional, unha disposición transitoria e unha final, será obxecto de publicación íntegra no BOP, entrando en vigor unha vez transcorrido o prazo establecido no artigo 65.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Sesión de Pleno de 19 de decembro de 2011